



GUÍA DOCENTE DE **CONXUNTO I-II**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA: CONXUNTO I-II									
ESPECIALIDADE	Interpretación				ITINERARIO			Piano	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE			Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	DEPARTAMENTO				
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:
ECTS/CUAD.					3	3			Observacións:

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Desenvolvemento de hábitos e técnicas de ensaio na interpretación a dúo no piano. Afondamento na interpretación de conxunto desenvolvendo a capacidade de integración e comprendendo a función propia. Cooperación no establecemento de criterios interpretativos, compenetración e traballo colectivo.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Aqueles que están implícitos na proba de acceso.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T7
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X4, X7, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1,EI3, EI4,EI5, EI6, EI7, EI8, EI9, EI10
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Interpretar obras de diferentes estilos na formación dúo de piano	X3, T7, EI1, EI4, EI10,
Desenvolver a capacidade de analizar formal e esteticamente as obras, formando un criterio profesional e persoal sobre os estilos, compositores e xéneros musicais.	X1, X24, EI5, EI6, EI7
Aplicar en todo momento a audición polifónica escoitando simultaneamente as distintas partes ao mesmo tempo que se executa a propia.	X4, T6, EI3
Desenvolver a sensibilidade auditiva necesaria para resolver as dificultades particulares da interpretación a dúo de piano: unidade e precisión nos ataques, equilibrio de planos sonoros, control e estabilidade rítmica etc...	X3, X21, T3, EI5, EI8
5. Preparar a actuación ante público, usando os xestos musicais necesarios, coordinando os procesos mentais e físico- mecánicos.	X7, T1, EI1, EI4, EI5, EI7, EI9

**4. CONTIDOS**

Elaboración e estudo dun programa pianístico para formación de piano a catro mans e/ou dous pianos.

Análise e traballo específico e pormenorizado de todos os elementos técnicos e musicais.

Interpretación en público: preparación e actuación.

**5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN**

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clase teórico-práctica individual: traballo pormenorizado sobre as obras con explicacións e suxerencias do profesor.	Presencial	Permanente ao longo do cuadrimestre
Práctica individual: estudo persoal do alumno seguindo ás directrices recibidas nas clases.	Non presencial	Permanente ao longo do cuadrimestre
Ensaio dos compoñentes do conxunto seguindo as directrices recibidas nas clases.	Non presencial	Permanente ao longo do cuadrimestre
Audicións cuadrimestrais: participación do alumnado na audición organizada polo departamento interpretando de memoria o repertorio estudado.	Presencial	Ao final do cuadrimestre
Titorías	Presencial	Esporádica

**6. AVALIACIÓN**

O alumnado dispón de 4 convocatorias: 2 ordinarias e 2 extraordinarias. En cada unha delas aplicarase o tipo de avaliación correspondente (avaliación ordinaria ou extraordinaria).

No caso da perda da avaliación continua o alumno ten dereito á aplicación da avaliación alternativa.

*\*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*